


# PRESENTACIÓN DO LIBRO

**Presentación o mércores 11 de novembro de 2009, ás 20.00 h,  
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”  
(Pazo de Vila Melania, Vilaboa)  
coa participación de:  
Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.  
Miguel Anxo Fernán Vello, editor.  
Yolanda Castaño, autora.**



***EROFANÍA. TRILOXÍA POÉTICA  
DE YOLANDA CASTAÑO***



## PRESENTACIÓN

Continuando co ciclo “Palabra de Muller”, a Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” acolle nesta ocasión a presentación do libro *Erofanía* (triloxía poética), de Yolanda Castaño.

A autora é unha das voces máis representativas da lírica galega actual, poeta de intensa e fecunda traxectoria que ten sido merecedora dalgúns dos máis importantes premios literarios.

O libro que presentamos, publicado pola editorial cullerdense “Espiral Maior”, recolle os seus tres primeiros poemarios.

Quedades convidados.

Celestino Poza Domínguez  
Concelleiro de Cultura

## DATOS BIOGRÁFICOS

Yolanda Castaño Pereira naceu en Santiago de Compostela en 1977. Trasládouse en 1990 á Coruña, onde rematou a carreira de Filoloxía Hispánica e cursou estudos audiovisuais. Foi Secretaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), formou parte da equipa directiva da editorial Letras de Cal e codirixiu, xunto a Olga Novo, a revista de artes *Valdeleite*.

Foi guionista, directora e presentadora na TVE-Galicia de *Mercuria*, un programa sobre vangardas artísticas galegas. Tamén participa no programa da TVG *Cifras e letras*. Dirixiu e produciu *O video da egoísta*, un videopoema que traducía os seus contidos á linguaxe audiovisual e que resultou gañador do festival de curtametraxes do Concello de Santiago Compostela Curtocircuíto 2004 na sección de videocreación. Ten impartido obradoiros de poesía e desenvolvido distintas experiencias que fusionan a poesía coa plástica, coa música ou co audiovisual. Foi tamén directora da Galería Sargadelos da Coruña.

Obtivo premios como o “Fermín Bouza Brey” (1994), “Johán Carballeira” (1998); o da Crítica Española (1998), "Mellor Comunicador de TV", da Academia Galega do Audiovisual (2005) ou o “Espiral Maior” (2007).

Ten participado en diversos libros colectivos. Tamén aparece a súa obra nas antoloxías *Para saír do século. Nova proposta poética, Mulher a facer vento, Río de son e vento, dEfecto 2000, Novas voces da poesía galega. Recital, 25 anos de poesía galega 1975-2000, Elas.3, Das sonoras cordas, Milenio, Yo es otro. Autorretratos de la nueva poesía* ou *Mujeres de carne y verso*.

Como poeta, e tamén como crítica literaria, ten colaborado en numerosas revistas e publicacións periódicas, entre elas *La Voz de Galicia, El Correo Gallego, Galicia Hoxe, A Nosa Terra, El Progreso, Diario de Pontevedra, El Ideal Gallego, El Mundo, Quimera, Festa da Palabra Silenciada, La Flama en el Espejo, Dorna, Hablar/Falar de Poesía, Ólisbos, Clave Orión, A Xanela, Eclipse, Enclave, Casa da Gramática, Boletín Galego de Literatura, Caleta, O máximO, BALDER, Xornal de Galicia*, etc.

## LIBROS PUBLICADOS

**Poesía:** *Elevar as pálpebras* (Espiral Maior, 1995); *Delicia* (Espiral Maior, 1998); *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998; Espiral Maior) (publicado logo traducido ao castelán, en Huerga & Fierro, 2000); *Edénica* (Espiral Maior, 2000) (inclúe un CD con poemas seus musicados e cantados por ela); *Venecia. O Vicio da Beleza* (catálogo de pintura co obras do pintor Antón Sobral) (2000); *O libro da egoísta* (Galaxia, 2003) (tradución ao castelán en Visor, 2006); *Profundidade de campo* (Espiral Maior, 2007) e *Erofanía. Triloxía poética (1995-1998)* (Espiral Maior, 2009).

**Narrativa infantil:** *Punver* (2008); *Cando eu saiba ler* (2009).

